

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG10I22M	CON/35/2016	28-11-16 08:51

Número 92 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación das obras do proxecto de remodelación do trazado da curva vial M-8, Son de Abaixo-Ponte Alvar en Marzo de Arriba,17 incluído na 4ª fase do Plan de Acción Social (PAS).

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 25 de novembro de 2016, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 92 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO TRAZADO DA CURVA VIAL M-8, SON DE ABAIXO-PONTE ALVAR EN MARZO DE ARRIBA,17 INCLUÍDO NA 4ª FASE DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS).

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 22 de novembro de 2016, do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe con observación de Intervención, nº 2016/758 de 24.11.16.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Rafael Peña Vidal, concelleiro delegado de medio rural e equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Execución das obras do proxecto de remodelación do trazado da curva vial M-8, Son de abaixo - Ponte Alvar en Marzo de Arriba 17.- (incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS))", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio,

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I22M	<i>Expediente</i> CON/35/2016	<i>Fecha</i> 28-11-16 08:51

e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

Primeiro: Con data 3 de novembro de 2016 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL.

Segundo: Con data 22 de novembro celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL (CIF: B15122104), por un importe de **31.184,60 euros** (IVE aparte 21%: 6.548,77 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **100 45400 61900**, finalizándose os traballos antes do 31 de decembro de 2016."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL por non xustificar debidamente

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I22M	<i>Expediente</i> CON/35/2016	<i>Fecha</i> 28-11-16 08:51

a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de "Execución das obras do Proxecto de remodelación do trazado da curva vial M-8, Son de abaixo - Ponte Alvar en Marzo de Arriba 17.- (incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS)" a favor da empresa EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL (CIF: B15122104), por un importe de **31.184,60 euros**, (IVE aparte 21%: 6.548,77 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 61900, finalizándose os traballos antes do 31 de decembro de 2016.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: **Xan Xesús Duro Fernández**

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

